

O ABANDONO DE TERRAS: CONCEPTO TEÓRICO E CONSECUENCIAS

EDUARDO CORBELLE RICO / RAFAEL CRECENTE MASEDA
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 29 de outubro de 2007

Aceptado: 25 de setembro de 2008

Resumo: O abandono de terras e a conseguinte diminución da superficie utilizada pola agricultura constitúe un problema importante nun gran número de rexións da Unión Europea entre as que se atopa Galicia. A posta en marcha do Banco de Terras de Galicia no ano 2007 está dirixida a corrixir, dentro do posible, esta situación que enlaza cos elementos centrais da problemática do campo galego contemporáneo: a incidencia catastrófica dos incendios forestais, a redución e progresivo envellecemento da poboación rural e un ineficaz uso do territorio que dificulta a competitividade do sector agrario. Con todo, o propio concepto de abandono pode dar lugar a diferentes interpretacións, co que semella necesaria unha clarificación do termo. Neste contexto preséntase unha discusión sobre os conceptos teóricos máis importantes en relación co abandono de terras e achégase unha revisión da literatura científica existente sobre o tema. A maiores, o traballo pon a énfase no carácter multidimensional do problema e a necesidade de complementar os estudos de carácter exclusivamente económico con outros centrados na compoñente territorial do proceso.

Palabras clave: Abandono de terras / Banco de terras / SAU / Terra marxinal / Incendios.

LAND ABANDONMENT: CONCEPT AND CONSEQUENCES

Abstract: Land abandonment, and the resulting decrease in Utilised Agricultural Area is a matter of great concern in regions within the European Union, among which Galicia is included. Precisely, the new Land Bank of Galicia has been put to work in 2007 to address this situation, related to many important issues in rural areas in Galicia: the catastrophic dimensions of forest fires, the decline and ageing of rural population, and an inefficient use of land which limits the competitiveness of the agricultural sector. It is worth noting, though, that the term abandonment itself needs some clarification. With this frame in mind, a theoretic discussion and a literature review on the subject are presented. Moreover, the paper emphasizes the multidimensional character of the problem and the need of complementing the economic studies with others, more focused on the territorial perspective.

Keywords: Land abandonment / Land bank / UAA / Marginal land / Forest fires.

1. INTRODUCCIÓN

O abandono de terras e a conseguinte diminución da superficie agrícola utilizada (SAU) constitúe unha preocupación importante nun gran número de rexións e de países da Unión Europea. Esta é a situación de Galicia, onde unha das medidas lexislativas máis relevantes do ano 2007 foi a Lei 7/2007 do banco de terras de Galicia¹. A iniciativa non era totalmente anovadora, se temos en conta que no ano 2003 xa fora presentado, aínda que non aprobado, outro proxecto lexislativo co nome de *Anteproxecto de lei de medidas de mobilidade das terras obxecto de concentración parcelaria de Galicia*. Malia tratárense de textos basicamente independentes entre si, o certo é que a sucesión de dúas iniciativas sobre a cuestión nun

¹ Lei 7/2007, de 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do banco de terras de Galicia (DOG de 31 de maio).

curto período de tempo, presentadas en cada caso por gobernos de diferente cor política, demostra que os fenómenos relacionados de redución de SAU, baixa mobilidade do mercado de terras e abandono comezan a ser percibidos cunha certa unanimidade como elementos centrais da problemática do campo galego contemporáneo. Esta problemática maniféstase fundamentalmente, ao noso xuízo, a través de tres fenómenos: a incidencia catastrófica dos incendios forestais, a redución e o progresivo avellentamento da poboación rural e un ineficaz uso do territorio que dificulta a competitividade do sector agrario.

A diminución da superficie ocupada pola agricultura é un fenómeno de plena actualidade nas rexións periféricas e/ou montañosas da UE (nas cales se pode incluír Galicia), nas que aproximadamente 5.200 km² de terras anteriormente ocupadas pola agricultura foron abandonadas entre os anos 1990 e 2000 (EEA, 1996). A posta en funcionamento dun banco de terras para afrontar os efectos do abandono e permitir así o aumento da superficie media por explotación conta cunha certa tradición en Europa, coma nos casos de Francia, de Holanda ou de Alemaña, e tamén se propón como unha medida necesaria nos países do antigo campo socialista (Van Dijk, 2006). Con todo, a experiencia europea dálle prioridade á compra de terras por parte do banco e nese sentido sepárase do papel de simple intermediario ou dinamizador que establece a lexislación galega, polo que resulta difícil extrapolar os resultados doutros países. Neste contexto, o traballo que se presenta non ten como obxectivo propoñer medidas concretas senón achegar unha discusión teórica sobre o concepto pouco preciso de “abandono” e, sobre todo, poñer de manifesto o carácter multidimensional do fenómeno, o que fai recomendable o seu tratamento desde diferentes perspectivas.

2. CONCEPTO TEÓRICO


A definición dos conceptos de “abandono de terras” ou de “terra abandonada” non é unánime nas diferentes fontes de carácter científico ou legal. As diferenzas de interpretación pódense reducir basicamente a dúas categorías: en primeiro lugar, á diferenza entre abandono entendido como un estado da terra –é dicir, analizado cun enfoque estático no tempo– e entendido como proceso no tempo –analizado cun enfoque dinámico– e, en segundo lugar, á distinción entre abandono da actividade agrícola e abandono da terra propiamente dito (Baudry, 1991; Pinto Correia, 1993). Diferentes visións non necesariamente excluíntes do que se debe considerar abandono son posibles como resultado da postura escollida en cada caso, polo que paga a pena deterse a analizar as implicacións de cada unha.

2.1. O PROCESO DE ABANDONO: ENFOQUE ESTÁTICO VS. DINÁMICO

Unha característica da agricultura galega durante as últimas décadas é a continua redución da poboación empregada na agricultura. Por exemplo, a comparación

dos censos de poboación dos anos 1991 e 2001 permite apreciar un descenso do 55% da poboación activa agraria (INE, 2008). Paralelamente a este descenso tamén tivo lugar unha continua baixada do número de explotacións (gráfica 1), como se desprende dos datos dos sucesivos censos agrarios, desde as aproximadamente 433.000 do ano 1962 ata as 270.053 do ano 1999 (INE, 1976, 1986, 2008).

Gráfica 1.- Evolución do número de explotacións en Galicia



FONTE: Elaboración propia a partir de INE (1976, 1986, 2008).

O proceso de diminución do número de explotacións continuará con toda probabilidade durante os próximos anos como resultado da falta de viabilidade futura de moitas delas, ben pola inexistencia de relevo xeracional ou ben pola simple inviabilidade económica (Sineiro García *et al.*, 2004).

O sucesivo peche de explotacións vai deixando libres as terras que estas ocupaban que, daquela, quedan teoricamente dispoñibles para a súa incorporación a aquelas explotacións veciñas que continúen en activo. Porén, este caso parece ser pouco frecuente (López Iglesias, 1996), e na práctica unha gran parte desas terras simplemente non soportan ningún tipo de actividade nin xeran ningún tipo de ingreso para o propietario. Esta situación é cualificada como *abandono total* ou *abandono efectivo* (DLG, 2005). Efectos visibles deste estado son o crecemento da vexetación espontánea e a deterioración progresiva das infraestruturas produtivas (cercados, vías, sistemas de rega, mantemento dos límites) ata o punto de chegar a facer moi difícil ou mesmo inviable, desde o punto de vista económico, o reinicio das actividades agrícolas no futuro (Baldock *et al.*, 1996; FAO, 2006). Esta interpretación de carácter estático no tempo é a que aparece na Lei 7/2007 baixo o concepto de “predio abandonado”: “*predio rústico non sometido a ningunha práctica de cultivo ou mínimo labor, non cultivado nin destinado a pastoreo...*”.

Porén, tamén é certo que moitas das explotacións que a teoría clasifica como inviables continúan en activo moito máis alá do período esperado. As razóns que explican este fenómeno son variadas. Entre elas podemos sinalar a transferencia da titularidade á parella (cando esta ten menor idade), a busca doutras fontes de ingreso

sos externos á explotación (agricultura a tempo parcial), ou a simple continuación das actividades máis alá da idade da xubilación (López Iglesias, 1996; Sineiro García *et al.*, 2004). O pouco tempo dispoñible que deixa o traballo fóra da explotación, ou simplemente a idade, forzan ao titular a realizar cambios no modo no que manexa a explotación como, por exemplo, os seguintes (Baldock *et al.*, 1996):

- A transformación de cara a usos menos intensivos e, polo tanto, menos esixentes en traballo.
- A permanencia do uso pero cunha redución da súa intensidade.
- A contracción (reestruturación interna) da explotación, que consiste na permanencia ou na intensificación do uso nas mellores terras e no cesamento ou na diminución das actividades nas parcelas menos produtivas ou accesibles.

Calquera desas estratexias –en realidade, formas de resistencia– son indicadoras do declive da explotación previo a un previsible cesamento total das actividades. Con todo, este proceso pode prolongarse no tempo durante un período indeterminado, e no seu transcurso o nivel de manexo da totalidade ou de parte das terras da explotación faise ocasional e cuns ingresos asociados case nulos. Mais por persistir un certo uso da terra esta non se atopa estritamente abandonada, e por este motivo a situación pode ser cualificada como de “*abandono oculto*” ou de “*semiabandono*” (DLG, 2005).

O abandono oculto, como se desprende do seu nome, non é doado de identificar sobre o terreo por canto o crecemento da vexetación espontánea é controlado ou limitado pola (escasa) actividade realizada. O abandono efectivo ou total, pola contra, resulta máis fácil de localizar territorialmente, pero inclúe na súa definición moitas superficies que poderían levar decenios sen ser aproveitadas. Unha aproximación intermedia, que considera o estado de non uso actual da terra pero que incorpora a condición do seu pasado de uso agrícola recente, aparece na Lei 7/2007 baixo a definición de “predio inculco”: “*predio rústico sometido a explotación agraria ata tempos recentes sen que na actualidade se realice ningunha práctica laboral e ningún cultivo sobre este, que mostra unha cobertura evidente de matorral... de especies leñosas e arbustivas...*”. Definicións similares adóptanse en países da Europa central e oriental como, por exemplo, en Polonia, onde se considera abandonada a terra agrícola que non é obxecto de explotación durante máis de dous anos (DLG, 2005). Interesa salienta a relevancia deste enfoque para o que, segundo a exposición de motivos da propia Lei, é un dos seus obxectivos básicos “evitar a perda de superficie agraria útil e recuperar a que se perdeu nos últimos anos”².

² A letra cursiva é nosa.

2.2. COMPETENCIA DOUTROS USOS: ABANDONO DA AGRICULTURA E ABANDONO DA TERRA

Como se pode supoñer malia non ter sido mencionado explicitamente ata este momento, o cesamento da actividade agrícola non sempre conduce a unha situación de ausencia de uso da terra senón que ás veces dá paso a outros usos, entre os que destacan os procesos de urbanización e as plantacións forestais. Tendo isto en conta, resulta obvia a necesidade de diferenciar entre o concepto máis amplo de “*abandono da actividade agrícola*” e o máis específico de “*abandono da terra*”, reservado para aqueles casos nos que nunha parcela non se realiza ningún tipo de actividade económica.

O caso particular das repoboacións con especies arbóreas é especialmente interesante porque, en xeral, desde a contorna ligada aos profesionais do sector forestal valórase como moi positivo o recente incremento da superficie arborada en Galicia (ver, por exemplo, Xunta de Galicia, 2001), procedente en parte de repoboación forestal e en parte de rexeneración natural. Non entraremos a discutir neste punto as consecuencias ambientais e paisaxísticas do proceso, ás que lle dedicamos un apartado posterior, pero gustaríanos sinalar que o momento actual representa o declive das políticas recentes de fomento da reforestación indiscriminada, en moitas ocasións en terreos ocupados ata ese momento pola agricultura (García Arias e Pérez Fra, 2001) e a súa substitución por unha visión que, expresada na Lei 7/2007, considera “predio abandonado” as “*plantacións forestais realizadas en terras de vocación produtiva agraria (sic) cando a cuberta vexetal de sotobosque... presente un estado que propicie de forma grave a aparición do lume*”. Neste sentido, o certo é que tendo en conta que o nivel de manexo asociado a unha gran parte das plantacións forestais do país –especialmente ás de eucalipto– é moi inferior ao recomendable desde o punto de vista silvícola, cualificar moitas delas como abandonadas non parece precisamente desatinado.

Por outra parte, a ocupación de terras de elevada calidade agronómica por urbanizacións e plantacións forestais viuse favorecida en Galicia pola ausencia total dos instrumentos contemplados na Lei de ordenación do territorio de Galicia³, por exemplo. Cuestión moi importante neste sentido foi a escasa relevancia do medio rural na lexislación urbanística, relativamente superada coa aprobación da Lei do solo de Galicia⁴ que contempla categorías específicas de protección agropecuaria e de protección forestal dentro do solo rústico⁵. Con todo, aínda que a lexislación recoñeza o solo de calidade coma un recurso non renovable escaso e, polo tanto, me-

³ Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

⁴ Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, con modificacións derivadas da Lei 15/2004, de 29 de decembro.

⁵ No artigo 32 da Lei 9/2002 prevense ata sete categorías diferentes de protección dentro do solo rústico: agropecuaria, forestal, de infraestruturas, de augas, de costas, de espazos naturais, de interese paisaxístico e de interese patrimonial.

recedor de protección, a súa aplicación choca coa ausencia de criterios que establezan de maneira xustificada e rigorosa a súa localización no terreo, de xeito similar ao modelo de produtividade agrolóxica incluído no Plan Territorial Sectorial Agroforestal do País Vasco (Goberno Vasco, 2005). A necesidade de dispoñer de modelos de vocación produtiva do solo (ou similares) será aínda maior no futuro para protexer o solo de boa calidade da previsible demanda de terras para a produción de biomasa, cifrada pola Comisión Europea en preto duns 17 millóns de hectáreas para o conxunto da UE (CE, 2005; Rowe *et al.*, 2007).

3. LOCALIZACIÓN DO ABANDONO

Un concepto directamente relacionado co abandono da actividade agrícola é o de terra marxinal, tradicionalmente entendida como aquela que presenta unha baixa fertilidade e/ou unha elevada pendente e que, polo tanto, xera baixos rendementos (Ellison, 1953; Cerdá, 2003). A conexión entre marxinalidade e abandono é clara, pois en caso de axuste da produción a terra marxinal é usualmente a primeira en ser abandonada. Unha interpretación deste tipo aplicada no ámbito rexional é a que motivou a Directiva 75/268/CEE⁶, que recoñece a existencia de áreas dentro do espazo económico europeo con características biofísicas (fundamentalmente derivadas da orografía) que as fan menos competitivas. Pero o certo é que a realidade mostra que existen factores doutro tipo que tamén inflúen no carácter “marxinal” da terra e, polo tanto, na localización territorial do abandono. Como resultado, aos factores directamente relacionados coas características da terra (biofísicos) súmanse os de tipo estrutural e socioeconómico como, por exemplo, os seguintes (Baldock *et al.*, 1996; FAO, 2006):

- Factores relacionados co tipo de explotación e da produción á que está orientada, en tanto que requiren diferentes insumos e que dan lugar a producións diferentes.
- Factores de tipo estrutural como o tamaño de parcela, o tamaño de explotación, os sistemas de rega, a accesibilidade ou a proximidade a centros de consumo e de distribución.
- Factores económicos e de mercado, como as flutuacións nos prezos de insumos e produtos.
- Factores legais relacionados co réxime de propiedade, e as axudas, subvencións e limitacións á produción (cotas).
- Factores sociolóxicos relacionados coa idade, coa formación técnica, cos recursos financeiros e co relevo xeracional dos propietarios ou coa propia percepción social da actividade agraria.

⁶ Directiva 75/268/CEE, do Consello de Europa, de 28 de abril de 1975, sobre a agricultura de montaña e de determinadas zonas desfavorecidas.

A combinación destes factores fai que a localización das parcelas abandonadas pola agricultura non siga un patrón concreto e que potencie as consecuencias negativas do proceso ao atoparse estas en numerosas ocasións mesturadas con parcelas aínda explotadas ou próximas a núcleos habitados.

4. CONSECUENCIAS

4.1. CONSECUENCIAS AMBIENTAIS E PAISAXÍSTICAS

As consecuencias ambientais e paisaxísticas derivadas do cesamento da actividade agraria son o resultado directo dos cambios que durante este proceso se producen na composición específica e no porte da cuberta vexetal. Transcorrido un tempo desde o cesamento das actividades, os terreos abandonados comezan a ser colonizados pola vexetación espontánea seguindo unha progresión que comeza con formacións de especies herbáceas e de mato e que, en ausencia de perturbacións externas, pode chegar a formar masas arbóreas de rexeneración natural (Prévosto *et al.*, 2006). A rapidez con que se produce esta sucesión depende de factores relacionados coas características da terra, co clima, coa proximidade a outras formacións vexetais (que actúan como fonte para a dispersión de sementes) e co tipo de actividade agrícola previa, entre outros (Sluiter, 2005). Cando a fin da actividade agrícola non conduce ao abandono total da terra senón a un cambio de cara ao uso forestal, o resultado é similar: a substitución da cuberta preexistente por masas arbóreas procedentes de repoboación.

O crecemento da cuberta vexetal afecta á riqueza de especies animais e vexetais e á calidade da paisaxe, aínda que os efectos varían considerablemente en función da configuración espacial previa (*pattern*) da paisaxe. Así, nas paisaxes de agricultura tradicional e carácter relativamente extensivo (aínda sendo intensiva en man de obra), como Galicia, a expansión das áreas de mato e arborado considérase globalmente negativa porque implica a perda de hábitats seminaturais de elevado valor ecolóxico e cultural ligados á actividade humana (*agroecosistemas*) ricos en especies vexetais e animais, refuxio de especies raras ou ameazadas (Baldock *et al.*, 1996; MacDonald *et al.*, 2000) e, polo xeral, representados amplamente dentro dos espazos da Rede Natura 2000⁷ (EEA, 2004; DLG, 2005). Tamén a calidade da paisaxe se considera afectada ao substituírse unha paisaxe cultural diversa, construída pola actividade humana durante séculos, por outra monótona e de menor calidade.

Pola contra, en paisaxes de agricultura intensiva e caracterizadas pola reducida presenza da vexetación natural o abandono parcial ou total dalgunhas áreas considérase normalmente positivo desde o punto de vista ambiental. Entre as razóns es-

⁷ Directiva 92/43/CEE, do Consello de Europa, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e da flora silvestres.

grimidas atópanse o incremento da variabilidade nas cubertas vexetais e, polo tanto, da calidade paisaxística, a creación de refuxio para certas especies animais e vexetais e a diminución do uso de agroquímicos (Baldock *et al.*, 1996; MacDonald *et al.*, 2000).

Un segundo elemento que hai que considerar neste apartado é a influencia do abandono sobre os procesos erosivos. A influencia neste sentido é diferente en función da área xeográfica considerada. Polo xeral, en áreas de pendentes moderadas e de clima atlántico o crecemento da vexetación arbustiva e arborada incrementa a taxa de infiltración de auga de choiva e reduce o escorregamento superficial, o que protexe ao solo fronte á erosión (Cammeraat e Imeson, 1999; Tasser *et al.*, 2007). En áreas de clima mediterráneo, onde o crecemento da vexetación espontánea é máis lento, o abandono tradúcese frecuentemente nun incremento da erosión, especialmente en áreas de elevada pendente –nas que adoita ir asociado á desaparición ou deterioración de terrazas e bancais– (Cerdá, 2003; Dunjó *et al.*, 2003; Beguería, 2006; Kolouri e Giourga, 2007). Tamén se teñen documentado cambios do ciclo hidrolóxico como consecuencia da combinación da maior infiltración e da maior evapotranspiración asociadas a formacións vexetais densas, que se manifestarían nun descenso na frecuencia e no volume das crecidas dos ríos (Keesstra *et al.*, 2005) e mesmo do seu caudal medio (Tasser *et al.*, 2007).

Finalmente, non poderíamos finalizar este epígrafe sen mencionar o vínculo existente entre o abandono das prácticas agrícolas e a incidencia de lumes incontrolados. Esta relación non só é debida a que se produce un incremento na cantidade de biomasa acumulada sobre o terreo senón tamén porque ten lugar un aumento notable da súa continuidade (Moreira *et al.*, 2001; Romero Calcerrada e Perry, 2004; FAO, 2006; Millington, 2007). No caso de Galicia, o abandono das prácticas propias do sistema agrario tradicional (especialmente os esquilmos de toxo para cama do gando) é causa recoñecida no imaxinario popular (a ausencia de “limpeza” no monte), pero o certo é que estas prácticas debían ser xa moi pouco habituais cara a finais da década de 1960 como resultado da xeneralización do uso de fertilizantes químicos (Balboa López e Fernández Prieto, 2000) e o abandono da actividade agrícola que tivo que afectar desde aquela a outras parcelas, tradicionalmente dedicadas a usos diferentes ao toxo, e provocar a expansión do mato e das plantacións forestais ata áreas cada vez máis próximas aos núcleos de poboación, o que incrementou o dramatismo do problema ata as dimensións que coñecemos en anos recentes. A experiencia galega parece demostrar que o enfoque clásico co que se afronta o problema, estritamente baseado en infraestruturas e medios de extinción, debера ser encadrado dentro dunha perspectiva máis ampla relacionada coa xestión de terras e coa ordenación do territorio. A recente Lei 3/2007, de prevención de incendios forestais⁸, indica un cambio na sensibilidade do poder legislativo e inclúe,

⁸ Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG de 17 de abril).

na súa exposición de motivos, a idea do vínculo estreito entre abandono das actividades agrícolas e incidencia catastrófica de incendios. Unha tendencia semellante obsérvase en Portugal, onde se atopa en fase de implantación a figura das *zonas de intervenção florestal*, cunha certa vocación de ordenación territorial⁹.

4.2. CONSECUENCIAS CULTURAIS

Como xa se comentou, o abandono da actividade agrícola conduce a unha modificación da paisaxe rural que a miúdo implica a desaparición de paisaxes culturais moldeadas ao longo de séculos. Este fenómeno constitúe por si mesmo unha perda cultural, se cadra aínda non ben valorada na súa completa dimensión, e a súa importancia é maior se consideramos que vai ligada á desaparición do coñecemento sobre prácticas agrarias tradicionais ou de estruturas produtivas de valor cultural como socialcos, bancais, sistemas de rega ou edificacións (Höchtel *et al.*, 2005).

4.3. CONSECUENCIAS ECONÓMICAS


As consecuencias de tipo económico derivadas ou relacionadas co fenómeno do abandono da actividade agrícola derívanse, en primeiro lugar, do problema da redución da SAU, entendido como desaproveitamento dun recurso produtivo escaso e non renovable: o abandono total ou o cambio a un uso da terra distinto da agricultura que se traduce en superficie que non se incorpora ás explotacións en activo, o que impide a ampliación da súa base territorial e que se manifesta no estancamento do tamaño medio da explotación (López Iglesias, 2000).

Outro efecto negativo para a agricultura é a proliferación de determinadas especies animais que experimentan un importante crecemento das súas poboacións ao verse favorecidas pola expansión da cuberta de mato e arborado (MacDonald *et al.*, 2000; Suárez Seoane *et al.*, 2002). Nalgúns casos, estas especies poden chegar a causarlles danos substanciais a agricultores e gandeiros como sucede, por exemplo, co corzo ou co xabaril.

Por outra parte, o proceso de abandono agrícola vai asociado á perda de poboación no medio rural e á concentración da poboación nos núcleos urbanos. Na figura 1 pódese apreciar como este fenómeno, que afecta negativamente á economía dos concellos rurais, persiste na actualidade con perdas de ata o 24% da poboación entre os anos 1998 e 2006 nalgúns concellos (INE, 2008). Por outra parte, é innegable a relación entre o abandono das actividades agrarias por parte das novas xeracións e o proceso de avellentamento progresivo da poboación, que ameaza con incrementar de maneira significativa o gasto social (Fernández Leiceaga, 2000).

⁹ Decreto-lei n° 127/2005, DR n° 150, I-A Série, de 2005.08.05, Ministério da Agricultura, do Desenvolvemento Rural e das Pescas.

Figura 1.- Variación da poboación nos concellos de Galicia, 1998-2006



FONTE: Censos de poboación (INE, 2008).

Finalmente, un capítulo importante dentro das consecuencias económicas é o que está relacionado coas perdas derivadas dos incendios forestais. Neste sentido débense mencionar dous elementos: os propios gastos derivados da extinción, que en Galicia supoñen un importe anual de preto de 60 millóns de euros, e tamén, e sobre todo, as perdas económicas asociadas aos danos ocasionados. Por exemplo, a estimación das perdas ocasionadas pola vaga de incendios do ano 2006 oscila entre os 211 millóns de euros calculados por Barrio *et al.* (2006) e os 582 millóns de euros calculados por Picos (2006). As diferenzas entre as dúas estimacións débense ao diferente marco temporal para o que foron establecidas: o primeiro deles para o curto prazo e o segundo para o longo prazo, pero en todo caso trátase de cifras máis ca considerables.

5. PERCEPCIÓN SOCIAL

O modo no que a poboación percibe o fenómeno do abandono da actividade agrícola (e en particular o abandono total da terra) é unha cuestión en xeral pouco estudada. Con todo, é posible afirmar que debe incluír posturas moi diversas en función da extracción social, da procedencia (rural ou urbana), do medio de vida ou da idade do interlocutor. Do baleiro que existe na bibliografía en torno a esta cuestión destaca o traballo de Soliva (2006), realizado nunha pequena rexión dos Alpes suízos (Surses) afectada por un descenso de SAU do 35% entre os anos 1980 e 2000. A autora resumiu as respostas dos entrevistados en catro posturas modelo que comprenden desde unha recepción moi positiva (consecuencia inevitable do progreso) ata a consideración do abandono como unha falta de respecto polo traballo dos antepasados e un desperdicio de recursos. Resultados similares aparecen

presentados en Soliva *et al.* (2007) pero, neste caso, non tanto para avaliar a percepción dos cambios pasados como para os que, posiblemente, ocorrerán no futuro. Neste caso pódense apreciar, ademais, diferenzas de matiz e tamén de certa importancia entre os habitantes de diferentes rexións da UE.

Malia a ausencia de estudos equivalentes para o caso galego, parece razoable asumir que existe na poboación unha variedade de posturas, algunhas delas similares ás citadas, o que evidenciaría a necesidade de realizar traballos de divulgación para darlle a coñecer ao público, tanto rural coma urbano, a necesidade e a oportunidade de levar a cabo actuacións innovadoras coma o banco de terras de Galicia.

6. CONCLUSIÓNS

Neste traballo presentamos unha discusión teórica sobre as diferentes acepcións do que xenericamente recibe o nome de “abandono”. Resulta evidente nela a necesidade de diferenciar entre abandono da actividade agrícola e abandono da terra, aínda a pesar de que na maior parte dos casos o primeiro conduce directamente ao segundo. Así mesmo, é necesario considerar a compoñente temporal cando se fala de terra abandonada, e diferenciar entre os casos nos que o abandono é relativamente recente e aqueles nos que é moi distante no tempo. Esta distinción non só é pertinente por estar contemplada no texto da Lei 7/2007 senón tamén polo feito de que canto máis tempo se prolonga a situación de abandono, tanto máis difícil pode resultar a volta ao uso produtivo. Finalmente, evidenciouse a existencia dun tipo de abandono “oculto” que, malia non manifestarse claramente no terreo –na forma de colonización por matogueira–, debera ser considerado coma unha forma de abandono total en potencia.

As consecuencias do abandono da actividade agrícola son múltiples e moitas delas están en relación directa cos grandes problemas do rural galego contemporáneo: a perda de poboación, os incendios e o estancamento da dimensión das explotacións, por exemplo. Incomprensiblemente, non existen en Galicia moitos estudos que se dediquen especificamente a esta cuestión. Máis aínda, a única aproximación realizada consiste en utilizar os datos dos sucesivos censos agrarios e combinalos, ás veces, coa realización de enquisas aos propietarios (López Iglesias, 1996; Sineiro García *et al.*, 2004). Este enfoque é certamente útil por canto, por un lado, permite identificar a relación entre abandono e estancamento da dimensión das explotacións e, por outro, as causas que en última instancia motivan o abandono (que en definitiva é unha decisión que se toma a nivel de explotación en tanto que unidade económica). Porén, a localización territorial do abandono é unha cuestión aínda non explorada a pesar da súa relevancia. De feito, non coñecemos, en termos espaciais dentro do territorio de Galicia, cal é o estado e cal foi a evolución do abandono como proceso. Neste sentido, detéctase a necesidade de traballos futuros que aborden o fenómeno cun enfoque máis centrado no territorio –estudos que si exis-

ten noutras áreas de Europa como, por exemplo, os recollidos en MacDonald *et al.* (2000), Moreira *et al.* (2001), Van Eetvelde e Antrop (2004), Kristensen *et al.* (2004), Gellrich *et al.* (2006), Mottet *et al.* (2006), Tasser *et al.* (2007), ou Van Doorn e Bakker (2007)– e que lle saquen partido á información territorial dispoñible na forma de mapas de usos ou en fotografía aérea e, especialmente, que lle tiren partido á información de uso no nivel de parcela do *Sistema de Información Geográfica de Parcelas Agrícolas* (SIGPAC) do Ministerio de Agricultura e que, na nosa opinión, serían fundamentais para apoiar a posta en marcha do futuro *banco de terras de Galicia*.

BIBLIOGRAFÍA

- BALBOA LÓPEZ, X.; FERNÁNDEZ PRIETO, L. (2000): “Evolución das formas de fertilización na agricultura atlántica entre os séculos XIX-XX: do toxo aos fosfatos”, en L. Fernández Prieto [ed.]: *Terra e progreso: historia agraria da Galicia contemporánea*. Vigo: Xerais.
- BALDOCK, D.; BEAUFOY, G.; BROUWER, F.; GODESCHALK, F. (1996): *Farming at the Margins: Abandonment or Redeployment of Agricultural Land in Europe*. London: Institute for European Environmental Policy / The Hague.
- BARRIO MARTÍNEZ, M.; LOUREIRO, M.; CHAS AMIL, M.L. (2007): “Aproximación a las pérdidas económicas ocasionadas a corto plazo por los incendios forestales en Galicia en 2006”, *Economía Agraria y Recursos Naturales*, vol. 7, núm. 14, pp. 45-64.
- BAUDRY, J. (1991): “Ecological Consequences of Grazing Extensification and Land Abandonment: Role of Interactions between Environment, Society and Techniques”, en J. Baudry e R.G.H. Bunce [ed.]: *Land Abandonment and its Role in Conservation*, cap. 1. (Séminaires Méditerranéens, Série A, núm. 15). Centre International de Hautes Études Agronomiques.
- BEGUERÍA, S. (2006): “Changes in Land Cover and Shallow Landslide Activity: A Case Study in the Spanish Pyrenees”, *Geomorphology*, núm. 74, pp. 196-206.
- CAMMERAAT, L.H.; IMESON, A.C. (1999): “The Evolution and Significance of Soil-Vegetation Patterns Following Land Abandonment and Fire in Spain”, *Catena*, núm. 37, pp. 107-127.
- CERDÁ, A. (2003): “Tierras marginales, abandono del campo y erosión”, *Mètode: Revista de Difusió de la Investigació de la Universitat de Valencia*, núm. 1, pp. 176-179.
- COMISIÓN EUROPEA (CE) (1996): *Young Farmers and the Problem of Succession in European Agriculture*. COM(96) 398 final. Bruselas.
- COMISIÓN EUROPEA (CE) (2005): *Plan de acción sobre la biomasa*. COM(2005) 628 final. Bruselas.
- DIENST LANDELIJK GEBIED (DLG) (2005): *Land Abandonment, Biodiversity and the CAP*. Utrecht: Government Service for Land and Water Management of the Netherlands (DLG)
- DUNJÓ, G.; PARDINI, G.; GISPERT, M. (2003): “Land Use Change Effects on Abandoned Terraced Soils in a Mediterranean Catchment, NE Spain”, *Catena*, núm. 52, pp. 23-37.
- ELLISON, W. (1953): *Marginal Land in Britain*. London: Geoffrey Bles.
- EUROPEAN ENVIRONMENT AGENCY (EEA) (2004): *High Nature Value Farmland. Characteristics, Trends and Policy Challenges*. (EEA Report 39 (1/2004)). Luxembourg.

- EUROPEAN ENVIRONMENT AGENCY (EEA) (2006): *Land Accounts for Europe, 1990-2000. Towards Integrated Land and Ecosystem Accounting*. (EEA Report 11/2006). Copenhagen.
- FERNÁNDEZ LEICEAGA, X. (2000): “Os escenarios demográficos de Galiza e as súas implicacións económicas”, *Revista Galega de Economía*, vol. 9, núm. 1, pp. 133-152.
- FOOD AND AGRICULTURE ORGANIZATION (FAO) (2006). *The role of agriculture and rural development in revitalizing abandoned/depopulated areas*. 34th Session of the European Commission on Agriculture. Riga.
- GARCÍA ARIAS, A.I.; PÉREZ FRA, M. (2001): “Análise e evolución da aplicación en Galicia do programa de axudas á reforestación de terras agrarias (Reg. CEE 2080/92)”, *Revista Galega de Economía*, vol. 10, núm. 1, pp. 151-176.
- GELLRICH, M.; BAUR, P.; KOCH, B.; ZIMMERMANN, N.E. (2006): “Agricultural Land Abandonment and Natural Forest Re-Growth in the Swiss Mountains: A Spatially Explicit Economic Analysis”, *Agriculture, Ecosystems and Environment*, vol. 118, núm. 1-4, pp. 93-108.
- GOBIERNO VASCO (2005); *Plan Territorial Sectorial Agroforestal de la Comunidad Autónoma del País Vasco*. (Documento de aprobación inicial). Gobierno Vasco, Departamento de Agricultura y Pesca.
- HÖCHTL, F.; LEHRINGER, S.; KONOLD, W. (2005): “«Wilderness»: What it Means When it Becomes a Reality - A Case Study from the Southwestern Alps”, *Landscape and Urban Planning*, vol. 70, núm. 1-2, pp. 85-95.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (INE) (1976): *Síntesis Estadística de Galicia*. Madrid: INE.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (INE) (1986): *Censo Agrario de España 1982*, t. II: “Galicia”. Madrid: INE.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (INE) (2008): *Censo Agrario 1999. Censo de poboación e vivendas de 1998 e 2006*. (Dispoñible en <http://www.ine.es>).
- KEESSTRA, S.D.; VAN HUISSTEDEN, J.; VANDENBERGHE, J.; VAN DAM, O.; GIER, J. DE; PLEIZIER, I.D. (2005): “Evolution of the Morphology of the River Dragonja (SW Slovenia) Due to Land-Use Changes”, *Geomorphology*, vol. 69, pp. 191-207.
- KOLOURI, M.; GIOURGA, C. (2007): “Land Abandonment and Slope Gradient as Key Factors of Soil Erosion in Mediterranean Terraced Lands”, *Catena*, vol. 69, pp. 274-281.
- KRISTENSEN, L.S.; THENAIL, C.; KRISTENSEN, S.P. (2004): “Landscape Changes in Agrarian Landscapes in the 1990s: The Interaction between Farmers and the Farmed Landscape. A Case Study from Jutland, Denmark”, *Journal of Environmental Management*, vol. 71, pp. 231-244.
- LÓPEZ IGLESIAS, E. (1996): *Movilidad de la tierra y dinámica de las estructuras agrarias en Galicia*. Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Secretaría General Técnica.
- LÓPEZ IGLESIAS, E. (2000): “O sector agrario galego ás portas do século XXI: balance das súas transformacións recentes”, *Revista Galega de Economía*, vol. 9, núm. 1, pp. 167-196.
- MACDONALD, D.; CRABTREE, J.R.; WIESINGER, G.; DAX, T.; STAMOU, N.; FLEURY, P.; GUTIÉRREZ LAZPITA, J.; GIBON, A. (2000): “Agricultural Abandonment in Mountain Areas Of Europe: Environmental Consequences and Policy Response”, *Journal of Environmental Management*, vol. 59, pp. 47-69.

- MILLINGTON, J.D.A. (2007): *Modelling Land-Use/Cover Change and Wildfire Regimes in a Mediterranean Landscape*. (Tese de doutoramento). London: King's College.
- MOREIRA, F.; REGO, F.C.; FERREIRA, P.G. (2001): "Temporal (1958-1995) Pattern of Change in a Cultural Landscape of Northwestern Portugal: Implications for Re-Occurrence", *Landscape Ecology*, vol. 16, pp. 557-567.
- MOTTET, A.; LADET, S.; COQUÉ, N.; GIBON, A. (2006): "Agricultural Land-Use Change and its Drivers in Mountain Landscapes: A Case Study in the Pyrenees", *Agriculture Ecosystems & Environment*, vol. 114, núm 2-4, pp. 296-310.
- PICOS MARTÍN, J. (2006): "Consecuencias económico-sociales de los incendios. El caso de Galicia en 2006", *Jornada de Técnicas de Defensa y Restauración del Monte ante Incendios Forestales*. Santiago de Compostela.
- PINTO CORREIA, T. (1993): "Land Abandonment: Changes in the Land Use Patterns Around the Mediterranean Basin", en CIHEAM: *The Situation of Agriculture in Mediterranean Countries. Soils in the Mediterranean Region: Use, Management and Future Trends*, cap. 7. (Cahiers Options Méditerranéennes, vol. 1, núm. 2). Centre International de Hautes Études Agronomiques Méditerranéennes.
- PRÉVOSTO, B.; DAMBRINE, E.; COQUILLARD, P.; ROBERT, A. (2006): "Broom (*Cytisus scoparius*) Colonization After Grazing Abandonment in the French Massif Central: Impact on Vegetation Composition and Resource Availability", *Acta Oecologica*, vol. 30, pp. 258-268.
- ROMERO CALCERRADA, R.; PERRY, G.L. (2004): "The Role of Land Abandonment in Landscape Dynamics in the SPA Encinares del río Alberche y Cofío, Central Spain, 1984-1999", *Landscape and Urban Planning*, vol. 66, pp. 217-232.
- ROWE, R.L.; STREET, N.R.; TAYLOR, G. (2007): "Identifying Potential Environmental Impacts of Large-Scale Deployment of Dedicated Bioenergy Crops in the UK", *Renewable and Sustainable Energy Reviews* (no prelo).
- SINEIRO GARCÍA, F.; LÓPEZ IGLESIAS, E.; LORENZANA FERNÁNDEZ, R.; VALDÉS PAÇOS, B. (2004): "La tipología de las explotaciones en función de su viabilidad económica y demográfica; aplicación a las explotaciones de bovino de Galicia", *Economía Agraria y Recursos Naturales*, vol. 4, núm. 8, pp. 63-85.
- SLUITER, R. (2005): *Mediterranean Land Cover Change. Modelling and Monitoring Natural Vegetation using GIS and Remote Sensing*. (Tese de doutoramento). Universidade de Utrecht.
- SOLIVA, R. (2006): "Landscape Stories: Using Ideal Type Narratives as a Heuristic Device in Rural Studies", *Journal of Rural Studies*, vol. 23, núm. 1, pp. 62-74.
- SOLIVA, R.; RØNNINGEN, K.; BELLA, I.; BEZAK, P.; COOPER, T.; FLØ, B.E.; MARTY, P.; POTTER, C. (2007): "Envisioning Upland Futures: Stakeholder Responses to Scenarios for Europe's Mountain Landscapes", *Journal of Rural Studies* (no prelo).
- SUÁREZ SEOANE, S.; OSBORNE, P.E.; BAUDRY, J. (2002): "Responses of Birds of Different Biogeographic Origins and Habitat Requirements to Agricultural Land Abandonment in Northern Spain", *Biological Conservation*, vol. 105, pp. 333-344.
- TASSER, E.; WALDE, J.; TAPPEINER, U.; TEUTSCH, A.; NOGGLER, W. (2007): "Land Use Changes and Natural Reforestation in the Eastern Central Alps", *Agriculture, Ecosystems and Environment*, vol. 118, pp. 115-129.
- VAN EETVELDE, V.; ANTROP, M. (2004): "Analyzing Structural and Functional Changes of Traditional Landscapes - Two Examples from Southern France", *Landscape and Urban Planning*, vol. 67, pp. 79-95.

- VAN DIJK, T.; KOPEVA, D. (2006): "Land Banking and Central Europe: Future Relevance, Current Initiatives, Western European Past Experience", *Land Use Policy*, vol. 23, pp. 286-301.
- VAN DOORN, A.; BAKKER, M.M. (2007): "The Destination of Arable Land in a Marginal Agricultural Landscape in South Portugal: An Exploration of Land Use Change Determinants", *Landscape Ecology*, núm. 22, pp. 1073-1087.
- XUNTA DE GALICIA (2001): *O bosque avanza*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente.